

SECCIÓNS BILINGÜES

1º-2º PRIMARIA



CEIP MESTRE MARTÍNEZ ALONSO

Contenido

| | |
|---|----|
| 1.COMUNIDADE EDUCATIVA E ÁREA DO PROXECTO | 3 |
| 2.XUSTIFICACIÓN..... | 3 |
| 3. COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS | 4 |
| 4.OBXECTIVOS XERAIS LINGÜÍSTICOS | 7 |
| 5.OBXECTIVOS XERAIS NON LINGÜÍSTICOS..... | 7 |
| 6. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE..... | 8 |
| 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS | 13 |
| METODOLOXÍA | 14 |
| 8.TEMPORALIZACIÓN | 15 |
| 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 20 |
| 10. AVALIACIÓN..... | 20 |
| 11. NECESIDADES MATERIAIS PREVISTAS | 20 |

1.COMUNIDADE EDUCATIVA E ÁREA DO PROXECTO

a) PROFESORADO:

- A coordinadora: Alba Alonso Feijoo, mestra definitiva no centro pola especialidade de inglés.

b) ALUMNADO:

- Primeiro curso de Primaria que consta de dous grupos: 1ºA de 14 e 1ºB 15 alumnos/as.
- Segundo curso de Primaria que consta de dous grupos: 2ºA 18 alumnos/as e 2º B 17 alumnos/as.

AREA: Expresión Plástica.

2.XUSTIFICACIÓN

A Orde do 12 de maio de 2011 regula as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario segundo o enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrado de contidos e linguas).

Este curso 2017/2018 será o sétimo ano no que se veñen impartindo as seccións bilingües nos dous primeiros cursos de Primaria do centro.

Con este proxecto, non só pretendemos que o alumnado desenrole a súa capacidade artística, senón que tamén mellore as aptitudes na lingua estranxeira.

Seguindo o método comunicativo, o uso da lingua estranxeira como unha ferramenta para impartir contidos non lingüísticos é un método moi axeitado de adquirir non so os obxectivos da área ensinada, senón tamén dos do inglés.

Ademais da mestra especialista que impartirá a materia, contamos coa colaboración da coordinadora da sección bilingüe mestra de lingua inglesa en ditos niveis para facilitar o apoio á consolidación do proxecto na escola..

3. COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS

1. Competencia en comunicación lingüística.

- Facer uso da lingua inglesa coma unha ferramenta de traballo dos contidos a avaliar.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos dun xeito relaxado e sen presión por non cometer erros lingüísticos.
- Relacionar e ampliar o vocabulario dos contidos traballados nas sesións de plástica cos traballados nas sesións de lingua inglesa para que o alumnado se sintam máis cómodo á hora de facer uso da lingua.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

- Traballar con figuras xeométricas en diferentes sesións de plástica.
- Realizar operacións numéricas orais nalingua estranxeira.
- Realizar medicións coa regra.
- Recoñecer o medio natural como forma de expresión artística.
- Traballar plásticamente sobre animais do contorno do alumnado.
- Aprender a apreciar o contorno por medio das cores, formas, texturas, etc.
- Facer un uso lúdico das técnicas plásticas.

3. Competencia dixital.

- Facer emprego das novas tecnoloxías para pescudar información sobre os diferentes contidos a traballar.
- Integrar de xeito progresivo a utilización de ferramentas multimedia para traballar o eido artístico.

4. Competencia aprender a aprender.

- Fomentar a participación das ideas pescudadas polo alumnado.
- Promover a autoaprendizaxe a través da observación do traballo do resto do alumnado tendo a mestra como simple guía.
- Esforzarse por mellorar e conquistar resultados creativos e diferentes.

5. Competencias social e cívica.

- Aprender a respectar, compartir e coidar os materiais utilizados.
- Ser capaces de seguir unhas normas ou instrucións.
- Traballar en grupo ou ben por parellas, aprendendo deste xeito a cooperar e axudarse mutuamente.
- Fomentar o respecto cara á realidade plurilingüe da comunidade.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

- Desenvolver capacidades de iniciativa, interese, motivación e determinación á hora de cumprir os obxectivos.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a creatividade e a imaxinación a través da expresión artística.
- Fomentar a autoconfianza e autoavaliación dos alumnos como un xeito de desenvolver a súa propia autonomía na aula.

7. Conciencia e expresión culturais.

- Promover o gusto polas obras artísticas no alumnado como un xeito de expresión cultural.
- Desenvolver a expresión artística e plástica dos nenos e nenas como parte fundamental na súa educación integral.
- Valorar a importancia da área de Plástica como potenciadora da creatividade e a imaxinación do alumnado.

4.OBXECTIVOS XERAIS LINGÜÍSTICOS

- Facer que o inglés sexa significativo para o alumnado relacionándoo con outras áreas do currículo escolar.
- Expresarse e interactuar oralmente en situación sinxelas relacionadas cos contidos artísticos a traballar.
- Valorar a posibilidade plurilingüística da comunidade para seren utilizada como eixo de comunicación e entendemento entre persoas de culturas diferentes.
- Manter unha actitude positiva cara ao uso da lingua estranxeira.
- Coñecer aspectos doutras culturas relacionadas coa expresión artística.
- Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.
- Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que previamente foron aprendidos oralmente.

5.OBXECTIVOS XERAIS NON LINGÜÍSTICOS

- Desenrolar mecanismos de sensibilidade estética e a creación artística para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Analizar criticamente e de xeito autónomo os elementos principais das manifestacións artísticas do entorno.

- Explorar diversos materiais e técnicas.
- Recoñecer as diversas expresións artísticas e culturais como fonte de coñecemento.
- Aprender a valorar manifestacións artísticas de recoñecidos artista mundiais.
- Utilizar a linguaxe plástica para comunicar sentimentos.
- Valorar o uso de materiais de refugallo para a creación de manualidades.

6. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| 1º CURSO | | |
|--|---|--|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
| Bloque 1. Educación audiovisual. | | |
| B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno. | B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica. | EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. |

| | | |
|--|---|--|
| <p>B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo. -Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais.</p> | <p>B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orden a realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.</p> | <p>EPB1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.</p> |
| <p>B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico.</p> | <p>B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.</p> | <p>EPB3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas. EPB3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. EPB3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana. EPB3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.</p> |
| <p>Bloque 2: Expresión artística</p> | | |
| <p>B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.</p> | <p>B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.</p> | <p>EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.</p> |

| | | |
|---|---|--|
| B2.2.Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas,etc. | B2.2.Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | EPB2.2.2.Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas(recortar, pegar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.) EPB2.2.3.Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula identificando e recoñecendo os tamaños. |
| B2.5.Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos. | -B2.3.Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos. | EPB2.3.1.Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos. |

| 2º CURSO | | |
|---|---|--|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
| Bloque 1. Educación audiovisual. | | |
| B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, | B1.1.Identificar as diferentes materiais de expresión plástica. | EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, |

| | | |
|---|---|---|
| <p>sinais,etc).</p> <p>B.1.2.Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios,mobiliario urbano, luminosos, sinais,etc.)</p> | | <p>dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.</p> |
| <p>B1.7.Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas.</p> | <p>B.1.3 Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.</p> | <p>EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.</p> <p>EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.</p> |
| <p>B1.11.Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes.</p> | <p>B1,5 Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos, etc.).</p> | <p>EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.</p> |
| | <p>Bloque 2: Expresión artística.</p> | |

| | | |
|---|---|--|
| <p>B2.1.Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.</p> | <p>B2.1.Representar de forma persoal ideas, accións e situaciónsvaléndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p> | <p>EPB2.1.1.Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. EPB2.1.2.Realiza correctamente mesturas de cores primarias. EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaaas con sentido nasúas obras.</p> |
| <p>B2.2.Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.</p> | <p>B2.2. Identificar o entorno próximo e imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ássúas características.</p> | <p>EPB2.2.1.Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.</p> |
| <p>B2.5.Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.).</p> | <p>B2.4.Utilizarnassúasrepresentacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta,etc.) e formas xeométricas.</p> | <p>EPB2.4.1.Utilizaliñas e formas xeométricas nos debuxos.</p> |
| <p>B2.7.Exploración visual e táctil da figura humana.</p> | <p>B2.5.Recoñecer as partes principais da figura humana.</p> | <p>EPB2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.</p> |
| <p>B2.9.Interese por usar</p> | <p>B2.7.Coidar, respectar e</p> | <p>EPB2.7.1. Coida</p> |

| | | |
|---|--|---|
| axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. | utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. | o material e respecta as normas preestablecidas. |
| B.2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. | B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupos. | EPB2.8.1. A moza mostra interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. |

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Emisións de mensaxes sinxelas e concretas.
- Ofertar reforzos positivos continuos para favorecer a autoestima no uso da lingua estranxeira.
- Facer uso da linguaxe corporal e calquera outra forma de comunicación non verbal.
- Establecer unha serie de rutinas na clase para que o alumnado se sinta cómodo no manexo da segunda lingua:
- Facer uso das técnicas de andamiaxe, partindo así dende o que xa saben e aumentando progresivamente.
- Repetir constantemente tanto termos como estruturas sinxelas na lingua inglesa de uso cotián.

METODOLOXÍA

Partiremos dunha metodoloxía colaborativa e participativa, no que a creatividade e a imaxinación serán os eixos fundamentais. O alumnado construíra a súa propia aprendizaxe a través de diferentes propostas e alternativas ás instrucións iniciais. Por iso, crearanse situacións que posibiliten a interacción entre as ideas, sentimentos e vivencias do alumnado.

O uso das novas tecnoloxías para pescudar información e explorar novas técnicas artísticas ou expor a información de forma visual tamén tomarán especial importancia nesta área. Así, a cotío comezarán coa contemplación previa de vídeos na pantalla dixital que introduzan os contidos a traballar en cada sesión.

A metodoloxía seguirá a seguinte estrutura:

A) Arts and crafts vocabulary:

As sesións comezan coa presentación do novo vocabulario que necesite o alumnado para a realización da actividade e repaso do vocabulario visto nas clases anteriores. Isto levarase a cabo a través de imaxes e presentacións na pizarra dixital. Os materiais necesarios para as actividades reflectiranse nas axendas do alumnado cunhaseman de antelación. As producións individuais gardaranse na carpeta de cada alumno/a.

B) How to draw:

Facendo uso das novas tecnoloxías, o alumnado poderá aprender como debuxar animais, cousas inanimadas, persoas, etc. A través do ordenador e a pantalla dixital visionaremos vídeos de profesionais debuxantes, así como

do Artabet método para ter unha idea de como trazar o debuxo, para despois facer o debuxo nun folio. Coa colaboración da mestra de lingua inglesa dos respectivos niveis, tentaremos que os contidos traballados nesta área, coma na de Plástica, estean relacionados.

C) Crafts:

Ao longo do curso, faremos diferentes manualidades coincidindo con diferentes festividades típicas da cultura inglesa como Halloween, Christmas, Carnival o Easter. Tamén poderemos facer outros traballos relacionados con proxectos da escola ou con algunhas ideas promovidas polos diferentes departamentos.

D) Artists:

Os nenos e nenas iranse introducindo no mundo da arte, a través do coñecemento de famosos pintores e escultores e as súas obras que teñan relación cos contidos traballados. Así en cada trimestre veremos a obra dalgún artista recoñecido mundialmente, como por exemplo: Miró, Leonardo da Vinci, Van Gogh... Ao final do trimestre o alumnado de 2º nivel traballará en grupos para facer a recreación dunha célebre obra do artista ao que se lle dedica o trimestre. Dita obra será exposta no patio, en forma de mural, como contribución ao proxecto global do centro O patio que soñamos.

8. TEMPORALIZACIÓN

Esta materia consta cunha sesión semanal tanto no primeiro coma no segundo curso de primaria.

1º PRIMARIA

●1º trimestre: artista traballado Miró.


▪Setembro: comezaremos portraballar as cores: primarias, secundarias e as mesturas. Cores cálidas e frías.




▪Outubro: o corpo humano. Manualidades de Halloween (Hallloweencraft).



▪Novembro: o rostro. Asexpresiónsfaciais. Tipos de liñas e ospuntos.O puntillismo.



▪ Decembro: as formas (círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo).Manualidade de Nadal (Christmas craft).



- 2º trimestre: adicado á obra de Paul Klee.
- Xaneiro: a simetría axial.
- Febreiro: a familia. Manualidade de Entroido (Carnivalcraft).



- Marzo: os animais e as plantas. Manualidade de Pascua. (Eastercraft).
- 3º trimestre: adicado á obra de Vincent Van Gogh.
- Abril: traballo con distintas texturas.
- Maio: os mosaicos.
- Xuño: traballo con recortables (cut- outs).

2º PRIMARIA

●1º trimestre: adicado á obra de Miró.

▪Setembro: comezaremos portraballar as cores: primarias, secundarias e as mesturas. Cores cálidas e frías.

▪Outubro: o corpo humano. Manualidades de Halloween (Halloween craft).



▪Novembro: o rostro. diferentes texturas.



Expresiónsfaciais.

As

▪ Decembro: traballo

grupal Constelacións de Miró.

●2º trimestre: adicado á obra de PietMondrian.

▪Xaneiro: tipos de liñas.As formas xeométricas.

▪Febreiro: as simetrías. Manualidade de Entroido (Carnivalcraft).



▪Marzo: Manualidade de Pascua (Eastercraft).Traballo grupal sobre a obra pictórica de Piet Mondrian.



●3º trimestre:artistatraballado Leonardo da Vinci.

▪ Abril: os puntos. A técnica do puntillismo.

▪Maio: os animaisna arte.

▪Xuño: os collages. Traballo grupal sobre A Gioconda.



9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dacordo coas necesidades específicas do alumnado, farase unha sinxela adaptación curricular sobre a programación xeral.

10. AVALIACIÓN

A mestra responsable da materia de expresión plástica será o encargado da avaliación do alumnado, estando coordinado se fose necesario coa especialista de lingua inglesa. Ela encargará de que o manexo da segunda lingua non interfira na adquisición de contidos da materia.

- Avaliación do alumnado por parte do profesor: esta será unha avaliación continua que terá en conta o esforzo (10%) e as producións do alumnado (90%).
- Avaliación do proceso ensino-aprendizaxe: ao final de cada trimestre o profesorado avaliará a súa contribución no proceso de ensino-aprendizaxe para facer así os cambios pertinentes cara ao seguinte trimestre.

11. NECESIDADES MATERIAIS PREVISTAS

- Material funxible: folios de cores, pratos e vasos de papel, cartulinas, ceras, acrílicos, plastilina, lapis de cores.
- Material reciclado: rolos de papel hixiénico e de papel de cociña.
- Material didáctico: libros sobre expresión plástica en lingua inglesa, software, láminas, webs de recursos plásticos...

